

VIII Edición Día do libro solidario

MARCAPÁXINAS

a prol da Solidariedade

Apúntate!



Save the Children

Érase unha vez un neno que cumpría 5 anos e soñaba co que lle gustaría ser de maior



Este é o comezo dun capítulo moi importante na vida de millóns de cativos e cativas. Máis aínda daqueles que o celebran nos países nos que as doenzas coma a desnutrición segue a ser aínda unha grave ameaza para a súa supervivencia.

Cada día 16.000 cativos e cativas menores de 5 anos morren no mundo por mor de doenzas que se poden atallar e tratar coma a diarrea, o xarampón, a malaria ou a desnutrición. A metade destas mortes, un total de 3 millóns ao ano, provócaa a desnutrición severa, unha doenza que podemos combater cos medios axeitados. O noso obxectivo é conseguir que os cativos e cativas que a sofren nos países máis empobrecidos coma Burkina Faso, Níxer, Mauritania ou Malí poidan sobrevivir. Pero para gañar esta batalla, chegar a cumprir os 5 anos e ter unha oportunidade de futuro, precisan do noso apoio. **Se se pode intentar, non imos deixar de intentalo.**

Desnutrición, moito máis ca un problema de alimentación

A desnutrición infantil non só se traduce na carencia de alimentos, as consecuencias para os cativos e cativas que a padecen van alén do físico. O baixo peso, o déficit de altura e as secuelas que comporta, engádense os problemas no seu desenvolvemento cognitivo e intelectual e o baixo rendemento escolar. As oportunidades do seu presente e futuro tamén se vén afectadas.

Cando ademais falamos de **desnutrición severa**, a urxencia é máxima porque a vida do neno corre perigo. Recibir atención médica e acceder ao tratamento axeitado a tempo é clave para poder salvar a súa vida.

Xuntos podemos loitar contra a desnutrición infantil.

Celebra o **Día do libro** escribindo unha nova oportunidade de futuro para milleiros de cativos e cativas.



11 centímetros, sinal de alarma

Aínda que existen varias maneiras de diagnosticar a doenza, hai unha que resulta moi rápida e visual. Cando nun cativo de entre 6 meses e 5 anos a medida do **perímetro do brazo na zona entre o ombreiro e o cóbado é menor ou igual a 11 centímetros, estamos perante un caso de desnutrición severa.**



A ferramenta que nos axuda a combatela

Ademais de contar con equipos médicos que atenden a estes cativos e cativas, nos últimos anos houbo un avance claro para combater esta doenza: a aparición do **tratamento terapéutico para a desnutrición grave.**



Desde 1999 contamos cun alimento terapéutico en sobres que resulta moi eficaz e doado de administrar. Unha pasta alta en proteínas cuxos ingredientes son cacahuete, aceite vexetal, leite en po, vitaminas e minerais esenciais. **Cada paquete contén 500 quilocalorías e o seu prezo chega a apenas os 33 céntimos.**

Axúdanos a mudar o final de milleiros de historias

MARCAPÁXINAS A PROL DA SOLIDARIEDADE ten como **obxectivo sensibilizar** ás nenas, nenos e mozos españois sobor esta realidade e **propoñer unha forma de participación** que envolva a toda a comunidade educativa **para recadar fondos** que poidamos destinar aos programas de supervivencia infantil nos países máis empobrecidos.



5€

2 nenos

poden recibir sales de rehidratación durante 2 semanas que lles permiten recuperar forzas e empezar a comer



50€

20 nenos

poden recibir leite terapéutica durante 1 semana para gañar peso rapidamente



100€

3 nenos

poden recibir 3 sobres diarios de alimento terapéutico durante 6 semanas e salvar a súa vida

Marca unha páxina nova na vida de milleiros de cativos e cativas.

Inscribe o teu centro. Axúdanos a salvar vidas!



Marcapáxinas a prol da Solidariedade

Esta actividade diríxese a **centros de ensinanza**. A proposta didáctica une a **celebración do Día do libro** o 23 de abril coa sensibilización en **defensa dos dereitos da infancia** e a recadación de **fondos para os programas de supervivencia infantil**.

Cómo organizar a actividade no centro

- 1 **O centro apúntase.** A través da web ou enviando la ficha de inscrición por correo electrónico, fax ou correo postal.
- 2 **Recíbense gratis os materiais.** Chegan ao centro todos os materiais para a actividade: guía didáctica, cartaces para anunciar a actividade, modelos de marcapáxinas, diplomas e carnés de lector para todos os participantes.
- 3 **Desenvolvemento de actividades didácticas.** A guía didáctica que recibe o centro ofrece propostas de actividades divididas por grupos de idade para sensibilizar e dar a coñecer o problema da desnutrición infantil cos alumnos e alumnas. Estas actividades poden realizarse nas datas previas ao Día do libro.
- 4 **Busca de lectores solidarios.** Os participantes anotan no seu carné de lector o nome das persoas da súa familia e contorna máis próxima que se comprometen a adquirir un dos marcapáxinas e a cantidade que doarán por ela.
- 5 **Decoración dos marcapáxinas.** Entréganse os modelos de marcapáxinas a cada participante para que as decoren de maneira individual. Esta actividade pode levarse a cabo enteiramente na aula ou combinala coa implicación das familias.
- 6 **Os participantes recadan os fondos.** Cada participante fai entrega dos marcapáxinas decorados entre os seus patrocinadores e recada a cantidade acordada.
- 7 **Entréganse os fondos.** Entrégase a cantidade recadada por cada participante ao profesor e o centro fai chegar a Save the Children a cantidade total pola transferencia, ingreso ou cheque.
- 8 **Moitas grazas por participar.** O centro recibe un diploma que acredita a súa participación, así coma cada un dos alumnos e alumnas que colaboraron nela. Na primavera de 2016 os centros participantes reciben unha publicación que recolle datos de participación, imaxes e testemuñas de profesores e alumnos que participaron.

savethechildren.es/marcapaginas